

Un grupo de amigos vén de agasallarme cunha obra luminosa: *O infinito nun xunco*. *A invención dos libros no mundo antigo*, obra da escritora aragonesa Irene Vallejo, doutora en Filoloxía clásica, novelista e periodista. O libro vén avalado por un grande éxito de público e de crítica. A tradución galega é obra de María López Suárez, por encargo de Edicións Xerais.

*O infinito nun xunco* é un libro sobre os libros e sorprende que con esta temática, escrito en parte nos momentos nos que a autora abandonaba de xeito intermitente o hospital, acade un éxito de tanta resonancia, xa que está traducido a máis de trinta linguas. Quizais o segredo dese entusiasmo da recepción estea relacionado coa paixón con que foi redactado e mais coa sabia combinación de erudición e amena divulgación empregadas por unha autora que atopou nos libros un camiño de redención das miserias vitais, unha senda para reflexionar de maneira rigorosa sobre o mundo que rodea ese artefacto marabilloso que é o li-

## Un libro sobre libros

### Luminosa entrega

ESTRO MONTAÑA


bro. Sen dúbida, o feito de prescindir da rixidez académica na escrita e, polo contrario, expoñer de xeito imaxinativo, coma se fose un conto, a vivencia dos clásicos, contribuíu a este pequeno milagre que mereceu o Premio Nacional de Ensaio. Porque, en efecto, estamos diante dun volume orixinal, na xeira do ensaio divulgativo inglés, lonxe de asperezas, ameno, xa que logo, e que foi escrito nun estado de graza no que cobra importancia a estrutura, a base de pequenas historias, como se asistíssemos a unha narración de Cunqueiro, Bocaccio ou *As mil e unha noites*. O lector atopa aquí unha festa da palabra libre, unha conexión entre todas as historias posibles do libro coas experiencias vitais da autora e un nexos de unión entre o mundo grecolatino con outras civilizacións e co presen-



te máis actual. Porque para a autora, na liña de Montaigne, entre o pasado e o presente hai un vínculo vivo, activo,

útil. E nestes momentos de pandemia alenta a fe no poder de redención, de curación, de coñecemento e de connción dos libros fronte a tantos agoireiros que proclaman, como futurólogos da nada, unha apocalipse dese instrumento de pracer que nos acompaña desde hai miles de anos. Acaso non seguimos lendo *A Eneida*, *A Iliada*, os poemas de Virxilio, os *Diálogos* de Platón? Acaso non nos ensinan a interpretar o mundo que nos rodea e nos proporcionan desacougo, temor e sobresaltos, pero tamén alegría, felicidade, música e harmonía? Estes libros e calquera libro son tamén unha incitación a viaxar a espazos inexplorados, a percorrer a liña do tempo. Como dicía Borges, o libro é unha extensión do tempo e da memoria, e para moitos o libro segue a ser un territorio feliz no que nos sentimos plenamente humanos, contradictorios, con virtudes e defectos como Aquiles, Ulises, Penélope ou Clitemnestra.

VALLEJO, Irene, *O infinito nun xunco*, Ed. Xerais, Vigo, 2021, PVP.23, 70 €



## Ana e nosoutras

### Coas pegadas do cinema

ORIANA MÉNDEZ

O escritor vigués Álex Mene (1969) adéntrase na ficción biográfica con *Ana e as súas irmás*, unha novela que tamén é o que parece. Se, nunha rapidísima ollada, calquera pode ver no título unha rendida homenaxe ao filme de Woody Allen, o diálogo e mais a comedia permanecen ao longo da lectura aínda que dun xeito discreto, non explícito, case coma unha sombra. Case como a mesma sombra de Marilyn Monroe que, a xeito de antagonista, aparece por tras da figura principal desta narración. Podemos ou queremos ver unha mostra decidida de sororidade na que Marilyn dá pulo á muller que nos desvela o relato da súa vida: Ana, para quen o seu corpo sempre foi, literalmente, campo de batalla.

E a pegada do cinema vai moito máis alá de Allen. Está *Rebecca*, está Coixet, están *Todas as mañás do mundo* e como non ían estar Wilder ou Rhomer ou a nostalxia polos Multicines Norte de Vigo. Como non, se o relato da vida de Ana, a muller con espiña bífida que se fai a si mesma grazas á súa determinación e aos coidados dunha rede de afectos ineludible, é a reconstrución da vida dunha muller con arestas, con dúbidas e contradicións, con olladas furtivas e pensamentos ás veces inconfesabeis, ás veces simplemente dolorosos, como tamén acontece nas protagonistas dos grandes filmes que desfilan diante dos nosos ollos nesta novela.

A chamada para un inminente segundo transplante coloca a Ana diante do espello desa longa carreira de obstáculos que comezou o mesmo día do seu nacemento, en 1969. Axiña, mais coa demora necesaria para facérmolos unha idea da súa personalidade e comezar a querela, imos vendo pasar as dificultades e tamén os infortunios que foron acontecendo en Ana e na súa onda expansiva. Non está a comedia coma no filme de Allen, pero si sobrevoa o sorriso dunha muller resolta a querer facer o seu propio camiño. MENE, Álex, *Ana e as súas irmás*, Ed. Tandaia, A Coruña, 2021, PVP.16 €

## Cálida e desoladora

### Para alén das solemnidades

XOSÉ RAMÓN PENA

Habitamos de certo nun mundo que, en ocasións dabondo, se vén amosar cínico. Ou, mellor dito: nun mundo ao que lle presta aparentar xeitos de cinismo. Cinismo que rima con escepticismo cando non con deleixo, pura droga nihilista. De aí que se os lectores destas liñas teñen a vontade de procuralas, han de atopar recensións sobre a novela que hoxe presentamos na súa tradución ao noso idioma, *Ti e mais eu* de Niccolò Ammaniti (publicada en italiano no 2010), a incidiren nas supostas-predicibilidades efectistas, excesos sentimentaloides..., incapacidade do autor para ser quen de penetrar nas esenciais do terror. Nin que dicir ten, e felizmente, tamén han de atopar moitas outras Vdes. que veñen significar, porén, a claridade do texto -en realidade, unha sinxeleza que é produto dun moi elaborado afán de estilización-, as capacidades sutís para navegar polos meandros do lado escuro e, en fin, ese saber proxectarse sobre as turbulencias dunha idade (a adolescencia), sempre difícil, nunha xeira, asemade, sempre -ou máis- ben pouco doada.

Pero vén a conto o anterior porque, no fondo -e malgré eux-mêmes-, aqueles que compoñen o reparo non fan outra cousa máis que alicerzar a verdade daquilo que Ammaniti nos relata: a desolación, a neurose -ou aínda a psicose- que abafa e esgana a todos aqueles que, mesmo por unha súpete e/ou pasaxeira, incomodidade non dan atopado o seu espazo no medio e medio desa civilizada, é un dicir, sabana



de sobrevivencias.

Agora ben; *Ti e mais eu* non pretende amestrar, deitar ningunha doutrina. Porque o seu é conmoer, emocionar... e abofé que si que o consegue. Sen solemnidades, sen lirismos de salón, Niccolò Ammaniti compón unha prosa poderosa, sólida e eficaz: toda unha invitación para a mellor lectura. AMMANITI, Niccolò, *Ti e mais eu* (trad. Moisés Barcia), Rinoceronte, Cangas, 2021, PVP.15, 20 €

## Amor polos libros

### Intelixentes insinuacións

MARÍA NAVARRO

Nun exercicio de memoria, de encontros-e tamén de desencontros e encontrázos- emocionais deseña Emma Pedreira *Os libros que hai en min*, segundo ela 'unha cousa estrañísima que nos ofrece como libro' e que chama a atención polo desenfado da narración, pola coloquialidade dos termos que emprega, pola profundidade que pechan determinadas expresións e confesións, polas intelixentes insinuacións e/ou por como flúen as ideas que manifesta.

En pouco máis de cento cincuenta páxinas distribuídas en dúas partes, precedidas dunha Declaración de intencións na que revela o sentido do volume que vén de publicar cuarto de inverno, reconece, explica, manifesta e confesa ser feliz cos libros, cos leu, cos que non leu, cos que aborreceu, cos que mercou, cos que non mercou, cos que perdeu, cos que reencontrou e mesmo cos que están por vir, porque se un día sen lectura é un día perdido, tamén seríamos eivados emocionais, non poderíamos vivir outras vidas -e, quizais, as palabras perderían inmediatamente unha parte substancial do seu significado, da súa riqueza, do seu peso ou da súa sensibilidade- sen o instrumento que, por excelencia, preserva e transmite coñecemento, crenzas e cultura a través do tempo e do espazo

Compartir, ler, releer, mercar, perder, atopar libros convértense en accións que conforman e contribúen a moldear a percepción do mundo e da realidade, a interior, a máis afastada e a que nos rodea, de modo que non sería exaxerado afirmar que somos o que lemos e neste sentido a autora coas súas aproximadamente trinta reflexións que dispón a modo de capítulos vai trazando a súa biografía bibliográfica e, ao mesmo tempo, repasando e rememorando o que dos libros hai nela e o que evocan as súas lembranzas.

Todo un luxo ler e, ás veces, comprobar que hai sentimentos e sensacións paralelos similares ás que veño experimentando coa lectura e os libros dende cativa. PEDREIRA, Emma, *Os libros que hai en min*, Cuarto de inverno, Arzúa, 2021, PVP.15 €

